



*Jane Goodall*

# BIRAVXS

*Jane  
Goodall*  
(1934)

O estudo do comportamento dos primates, a primatoloxía, constitúe unha disciplina ampla e complexa que na actualidade goza de gran vigor. Ao longo dos últimos sesenta anos, as investigacións sobre os primates experimentaron un gran desenvolvemento debido, en gran parte, a que famosas primatólogas pioneiras, como Jane Goodall, Dian Fossey e Birute Galdikas, espertaron cos seus novos e metódicos traballos de campo un enorme interese, introducindo unha nova epistemoloxía «feminina» ao estudo do comportamento dos primates. A máis famosa das tres científicas, Jane Goodall, leva un incansable traballo de máis de corenta e cinco anos de estudo e promoción da protección dos chimpancés. Todo empezou cando de nena quería coñecer como puñan ovos as galiñas. Máis tarde, puido ver na televisión unha película de Tarzán que a fascinou: quería coñecer África e tamén quería coñecer a Tarzán! Moi nova embarcouse cunha bolsa de estudo cara á selva de Gombe para estudar o comportamento dos chimpancés. Na actualidade, dende o seu centro de traballo, o Parque Nacional de Gombe (Tanzania), analiza as complexas interaccións sociais e familiares destes primates e o uso de ferramentas para vivir, que comparten un 99,9 % do seu xenoma co ser humano. Tamén fai un labor importante na promoción da paz, o desenvolvemento local e a protección do medio ambiente, que promove no traballo do Instituto Jane Goodall e o programa de educación infantil e xuvenil Root e Shoots. O consello de Jane Goodall para as nenas que queren ser científicas é que sexa «curiosa, fai preguntas, comete erros e sé paciente».

Unidade de Igualdade

Universidade de Vigo